

## PROCESO DE SELECCIÓN

### Contratación dun/unha axente de aparcadoiro para a Sociedade Municipal de Xestión de Transporte Urbano de Santiago (TUSSA)

En data 15 de febreiro de 2024 a Comisión de selección adoptou os seguintes acordos:

#### 1) DESESTIMAR A ALEGACIÓN PRESENTADA POR DONA M<sup>a</sup> ELENA SÁNCHEZ GARCÍA.

Antes de proceder coa valoración de méritos a Comisión analiza o recurso de reposición presentado por Dona M<sup>a</sup> Elena Sánchez García no que expón que nas bases se valora o coñecemento de idiomas outorgando ao inglés e ao portugués máis puntuación que ao francés, alemán e italiano. Alega a reclamante que segundo os datos de INCOLSA, entidade que xestiona a atención turística en Santiago, no último ano houbo máis demanda de servizos por parte de turistas de orixe francés, alemán e italiano que portugués. Manifesta que esa valoración é discriminatoria e contraria aos principios de igualdade, mérito e capacidade.

A Comisión acorda desestimar a alegación polos seguintes motivos:

En primeiro lugar non cabe recurso de reposición contra acordos das sociedades mercantís, polo que a reclamación debe cualificarse como unha alegación.

Entende esta Comisión que os datos que ofrece a interesada referidos a consultas de información turística en INCOLSA non teñen relación co procedemento contra o que se alega, que ten por obxecto a contratación dun "axente de aparcadoiro".

Ademais, a estatística da nacionalidade dos vehículos atendidos nas dársenas xestionadas por TUSSA, con datos recadados ata o 29/06/23, ofrece os seguintes datos: españois un 66,51%, portugueses un 30,59% e outras nacionalidades un 2,90% (entre estes, franceses un 1,02%).

Estes datos evidencian un elevado número de nacionais portugueses que usan as instalacións de TUSSA o que, por outra banda é lóxico pola proximidade xeográfica, sobre os nacionais franceses ou italianos. Entendemos que esta circunstancia xustifica a maior valoración do coñecemento do portugués sobre outros. A maior valoración da lingua inglesa xustifícase en tanto é o idioma de uso máis común polos estranxeiros, con independencia da nacionalidade.

#### 2) VALORACIÓN DE MÉRITOS.

Procédese coa exposición dos méritos a avaliar, que son os idiomas, os cursos de informática, formación en atención ao cliente e a experiencia laboral; de acordo co que establecen as bases no punto 3 da fase de selección.

Revisados os méritos alegados polas persoas aspirantes, a Comisión de selección aproba a seguinte valoración de méritos:

Apelidos	Nome	Idiomas	Cursos informática	Formación atención ao cliente	Experiencia laboral	Total
Blanco Sanmartín	María Irene	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Blanco Varela	Manuel Santiago	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Leis Outón	Isabel	2,00	0,50	0,50	0,76	3,76
Lesta Cardama	María Inmaculada	0,00	0,00	0,00	0,10	0,10
Llovo Guillán	Alejandro	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
París Lestón	Francisco Javier	2,00	2,00	0,00	0,00	4,00
Pérez Hermo	Emilio	0,00	1,00	2,50	10,00	13,50
Rial Leboráns	María Pilar	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Sánchez Rivas	Daniel	0,00	2,00	0,00	0,69	2,69
Sánchez Romero	Margarita	0,00	2,50	1,00	0,00	3,50
Sayáns Otero	Paula	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Valois Calvo	Francisco Javier	0,00	2,00	0,00	5,55	7,55

### 3) PUNTUACIÓN FINAL, PROPOSTA DE CONTRATACIÓN E APROBACIÓN DA LISTA DE CANDIDATOS.

Á vista das puntuacións obtidas polos candidatos nas fases de oposición e concurso, a Comisión de selección acorda:

1º. Aprobar a puntuación final e orde dos candidatos que superaron o proceso selectivo, que é a seguinte:

ORDE	APELIDOS	NOME	Proba test	Valoración de méritos	PUNTUACIÓN TOTAL
1	Pérez Hermo	Emilio	48,00	13,50	61,50
2	Valois Calvo	Francisco Javier	38,75	7,55	46,30
3	Sánchez Romero	Margarita	37,25	3,50	40,75
4	Blanco Varela	Manuel Santiago	40,75	0,00	40,75
5	Leis Outón	Isabel	35,75	3,76	39,51
6	París Lestón	Francisco Javier	33,50	4,00	37,50
7	Llovo Guillán	Alejandro	36,75	0,00	36,75
8	Lesta Cardama	María Inmaculada	35,00	0,10	35,10
9	Rial Leboráns	María Pilar	30,00	0,00	30,00
10	Sánchez Rivas	Daniel	25,00	2,69	27,69
11	Sayáns Otero	Paula	26,25	0,00	26,25
12	Blanco Sanmartín	María Irene	25,75	0,00	25,75

Nos resultados obsérvase un empate a 40,75 puntos. As bases establecen que a orde de desempate se decidirá, en primeiro lugar, atendendo ao sexo, tendo preferencia a candidata de sexo feminino sobre o de sexo masculino debido á infrarrepresentación do primeiro nesta

categoría profesional. Tendo en conta o que antecede, Dona Margarita Sánchez Romero queda por diante de D. Manuel Santiago Blanco Varela.

As bases reguladoras da contratación recollen que, seguindo a orde de puntuación, contratarase á persoa que acade a maior puntuación e creárase unha lista para cubrir a vacante fixa para o caso de que se produza a extinción do contrato da persoa contratada (relevista) no período mínimo legal. A lista funcionará por orde correlativa de maior a menor puntuación dos/as aspirantes.

A puntuación final e orde dos candidatos adquirirá carácter definitivo para o caso de que non se presenten alegacións á avaliación do concurso de méritos durante o prazo fixado.

**2º.** Proporlle ao Consello de Administración a contratación de D. Emilio Pérez Hermo para cubrir a praza de axente de aparcadoiro.

**3º.** Aprobar a lista de candidatos, ordenada en función da súa puntuación total, para os efectos da cobertura da vacante fixa no caso de que se produza a extinción do contrato da persoa contratada (relevista) no período mínimo legal.

**4º.** Outorgar aos candidatos un prazo para alegacións de dous días hábiles, contados desde o seguinte ao de publicación deste acordo.

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2024

*O presidente da Comisión,*  
*Asdo./José Ramón Mosquera Ferreiro*

